

Bo día,

Infórmovos que o Consello de Goberno, reunido onte aprobou a RPT de PAS funcionario. Esta RPT conta co informe favorable da Xunta de Galicia, estando previsto que ao longo do mes de marzo tamén emita informe o Consello Social.

Dado que a Consellaría de Facenda informou favorablemente a RPT pero non se pronuncia sobre o acordo de funcionarización xa que non é competente, tamén se lle preguntou ao Equipo de Goberno pola situación na que quedaría a RPT no suposto de que finalmente se informe desfavorablemente este acordo, ao que o reitor respondeu que a RPT conta co informe preceptivo, e xa que non se incrementa a masa salarial nin se superan os límites orzamentarios a Universidade ten autonomía para aprobar a RPT do PAS funcionario.

Previa á aprobación deuse conta dunhas correccións de erros en prazas procedentes de PAS laboral (podedes consultalas na páxina web da Xunta de Persoal):

- Corrección no nivel de CD da praza de Coordinador de Deportes que aparecía co nivel 24 cando lle corresponde o 25.
- Modificación da denominación do posto e na subescala da praza de Xefe de Taller (nº de posto 492).
- Modificación da situación das prazas de técnico sup. en técnicas instrumentais de análise, Técnico superior de parámetros ambientais e Técnico superior en instrumentación analítica, das que desaparece a situación de vacante porque neste momento xa están ocupadas por persoal laboral fixo.

Nesta reunión do Consello de Goberno, recordeille ao Equipo de Goberno que para o correcto funcionamento das novas unidades UADI e UXAI é preciso que antes da reordenación dos efectivos:

- 1º. Se clarifique a localización física das novas unidades
- 2º. Que se delimiten as funcións das UXAIs
- 3º. Que se resolvan os problemas de aplicación normativa que se produzan pola implantación da nova estrutura
- 4º. Que se planifique a formación necesaria e se elaboren os mapas de procesos para todos os postos implicados na reordenación de efectivos.

Respecto disto a Xerencia informounos que no mes de marzo se axilizarán todos estes trámites e procedementos previos e necesarios para á reordenación dos postos afectados pola RPT, que probablemente se poderá executar antes de 2 meses. Informou tamén que as listaxes para a elección destes postos, xa se están elaborando polo Servizo de PAS e facilitaranse o antes posible.

Saúdos.

A conta de correo é: xunta.persoal@udc.es para aclarar calquera dúbida ou recibir aquelas propostas ou suxestións que consideredes de interese.

*A presidenta da Xunta de Persoal
Nuria Vieira Sousa*